



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 23/08/23 13:30:00

Exposición: 23/08/23 13:30:00 a 15/01/24 23:59:59

Anuncio

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

Bases para candidaturas participación mocidade inscrita en GX no programa XUVENTUDE CON TALENTO 2023

Información:

EXP: 2023/A002/000005

ESTRATO DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS NON LABORAIS A TRAVÉS DO PROGRAMA XUVENTUDE MENTORING: XUVENTUDE CON TALENTO 2023 DOS CONCELLOS DE CAMARIÑAS, MUXÍA E VIMIANZO.

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS CONCELLO DE CAMARIÑAS: 23 DE AGOSTO DE 2023

Convócanse proceso de selección de candidatos/as para a realización de prácticas formativas non laborais a través do programa Xuventude Mentoring: Xuventude con Talento 2023 dos concellos de Camariñas, Muxía e Vimianzo, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de agosto de 2023 e publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Camariñas en data 24 agosto de 2023.

REQUISITOS DAS PERSOAS MOZAS ASPIRANTES

- * Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do SNGX, de conformidade co disposto no artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- * Estar empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- * Estar inscritas no SNGX e figurar como beneficiarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONDICIÓNS E BENEFICIOS DO PROGRAMA

As persoas participantes percibirán unha bolsa de formación cun importe de 630 € mensuais, incrementada en 100€ en caso de persoas con discapacidade, e outros 100€ para



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 23/08/23 13:30:00

Exposición: 23/08/23 13:30:00 a 15/01/24 23:59:59

desprazamentos cando a
estadía non sexa no concello de residencia do participante.

Ademais recibirán unha formación complementaria e actividades complementarias, recibindo apoio e titorización durante a duración das estadías:

- * Actividades formativas 30 horas
- * Mentoring 4 horas
- * Visitas a empresas 4 horas
- * Orientación personalizada 2 horas

As horas formativas nos Concellos nas que se realizan as estadías terán unha duración de 100 horas mensuais e de catro días laborais por semana.

NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS

6 prazas en TECNOLOXIAS INFORMACION DAE COMUNICACION (TICs)

6 prazas EN CALIDADE DE VIDA E BENESTAR

3 prazas EN TÉXTIL/MODA

EMPRESAS NAS QUE SE REALIZARÁN AS ESTADÍAS FORMATIVAS

Concello de Camariñas. 5 prazas nos sectores de TICs, Calidade de Vida e Benestar e Téxtil/Moda

Concello de Muxía. 5 prazas nos sectores de TICs, Calidade de Vida e Benestar e Téxtil/Moda

Concello de Vimianzo. 5 prazas nos sectores de TICs, Calidade de Vida e Benestar e Téxtil/Moda

FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO

As solicitudes das persoas mozas interesadas en participar no programa Xuventude Mentoring no proxecto XUVENTUDE CON TALENTO dos Concellos de Camariñas, Muxía e Vimianzo presentaranse



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 23/08/23 13:30:00

Exposición: 23/08/23 13:30:00 a 15/01/24 23:59:59

- * Telemáticamente na sede electrónica do Concello de Camariñas <https://sede.camarinas.net/sxc/gl/> [/sxc/sites/camarinas/gl/] en procedemento xeral xuntando a solicitude e documentación de participación do programa. Anexo I
- * Presencialmente nos concellos participantes nos seus rexistros xerais. Presentando solicitude e documentación do programa que aparece no Anexo I
- * SERÁ OBRIGATORIO realizar previamente a pre-inscrición on line no seguinte enlace <https://forms.gle/Re3Bk54k9hy5kaCA7> [https://forms.gle/Re3Bk54k9hy5kaCA7]

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1º prazo: 30 de agosto de 2023

2º prazo: (no caso de quedar prazas vacantes). 15 de setembro de 2023

CONTACTO:

Correo electrónico: adl@camarinas.net

teléfono: 981 737 004

Para máis información: Área de desenvolvemento local dos Concellos

Camariñas: 981 737 004

Muxía: 981 742 001

Vimianzo: 981 716 001

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa D^a Sandra Insua Rial.

Anexos

Nombre: Anuncio Tabol. Convoc. Bases XUVENTUIDE CON TALENTO 2023.doc

Hash: (SHA-512) hmOhBQkf7Z9YISvccYlJG8bbfw7xrPmHHVIYtxOF2HZcPXi3MDRX2/e2AJk3lwz+iEV+L3jxUjksKHm4hnFwjg==

Url: https://sede.camarinas.net/sxc/recursos/downloads/Tablon/2023/ANUNCIO_PROG_20230823133000209_AN_EXO_1692790200-0.pdf

Nombre: Anexo I. Solic. XCT.pdf

Hash: (SHA-512) UsLV52Ckw4ybKvNiPuCwvpsahwAqPiRQoGn9KkLV58hZz3WXHoqXXL1MJhyrygHoOAqQYJVstNGJy3RBEx7D0g==

Url: https://sede.camarinas.net/sxc/recursos/downloads/Tablon/2023/ANUNCIO_PROG_20230823133000209_AN_EXO_1692790200-1.pdf